

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 24 DE XUÑO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de glorieta para mellora da seguridade viaria na AC-566, punto quilométrico 1+670, no municipio de Narón por importe de douscentos trinta e un mil novecentos noventa e nove euros con cincuenta e nove céntimos (231.999,59 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se modifican diversos decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproban o Plan Director de Seguridade da Información da Xunta de Galicia e o Documento de Política de Seguridade da Información da Xunta de Galicia.
- Acordo de integración de teléfonos de información no 012

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cambados, para a mellora de servizos urbanísticos na avenida de Galicia por importe de seiscentos vinte e seis mil novecentos once euros con corenta e cinco céntimos (626.911,45 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba o encargo á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos para a execución da obra de mellora de automatización da presa do Con. Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), clave OH.136.908, por importe de un millón seiscentos noventa e oito mil cento oitenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (1.698.185,36 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ponteceso, para a reposición das redes de saneamento na avenida Eduardo Pondal, tramo PQ:10+830-PK:11+230 da AC-422 (Buño, AC-414-Ponteceso, AC-413) por importe de seiscentos quince mil trescentos catro euros con trinta e tres céntimos (615.304,33 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Pontevedra, para levar a cabo os proxectos de mellora da seguridade viaria na estrada EP-9305 TR:Freixo-Leiro-Ribadumia e construción dunha glorieta na intersección das estradas PO-300, EP-9508 e EP-9504 Ribadumia, por importe dun millón oitocentos oitenta e nove mil douscentos noventa e oito euros con corenta e seis céntimos (1.889.298,46 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para investimentos innovadores no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, por importe de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Instituto para la Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a definición e posta en práctica das actuacións de apoio público con fondos FEDER no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de vinte millóns catrocentos vinte e sete mil trescentos setenta e cinco euros (20.427.375,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval a *San Martín, S.A.*, por importe máximo de dous millóns cen mil euros (2.100.000,00 €). Expte. nº AV/0607.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval a *Carpintería Metálica Aluman, S.L.*, por importe máximo dun millón catrocentos trinta mil euros (1.430.000,00 €)- Expte. nº AV/0402.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e eximir a solicitante da achega de garantías reais suficientes na concesión dun aval a *Dygra Films, S.L.*, por importe máximo de dous millóns catrocentos cincuenta mil euros (2.450.000,00 €). Expte. nº AV/0612.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e eximir da achega de garantías reais na concesión dun aval a *Alimentos Lácteos, S.A.*, por importe máximo dun millón seiscentos mil euros (1.600.000,00 €). Expte. nº AV/0608.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para continuar cun programa de actuacións en materia de investigación lingüística para o ano 2010 a través do Instituto da Lingua Galega.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura das cláusulas adicionais aos concertos subscritos con data do 1 de xuño de 2007, para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación coas asociacións: *Asociación Pro Enfermos Mentais da Coruña* (Lote 1, A Coruña); *Asociación Pro Enfermos Mentais de Culleredo* (Lote 6 ,Culleredo); *Asociación de Familiares y Amigos de los Enfermos Psíquicos FAES Porta Nova* (Lote 7, Ferrol); *Asociación Itínera* (Lote 9, Santiago); *Asociación Monfortina de Apoio aos Enfermos Mentais Albores* (Lote 17, Monforte de Lemos); *Asociación de axuda ás persoas con problemas de saúde mental Aveleña* (Lote 25, A Guarda), pola que se incrementan o número de prazas contratadas, por un importe de douscentos corenta e nove mil oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (249.087, 50 €).
- Acordo polo que se autoriza o cuarto acordo de prórroga do concerto subscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2010 e o primeiro semestre de 2011 (1/07/2010 a 30/06/2011), por un importe total dun millón douscentos cincuenta e cinco mil trescentos dezanove euros con setenta e dous céntimos (1.255.319,72 €) e con cargo ás aplicacións orzamentarias 1501/412A/444.1 e 1505/412A/444.1.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza o quinto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2010 e o primeiro semestre de 2011 (1/07/2010 a 30/06/2011), por un importe total de cinco millóns cento trinta e cinco mil trescentos setenta e catro euros con tres céntimos (5.135.374,03 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1571/412A/444.1.
- Acordo polo que se autoriza o cuarto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2010 e o primeiro semestre de 2011 (1/07/2010 a 30/06/2011), por un importe total de sesenta e seis mil euros (66.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3601/412A/444.1.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia e o Concello de Noia para a realización das obras de reparación e acondicionamento do Teatro Coliseo Noela.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre as Consellerías de Cultura e Turismo e Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Mos, para a construción dun auditorio ao aire libre por importe total de cento quince mil euros (115.000,00 €).
- Acordo entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Camilo José Cela polo que se determinan os criterios para establecer o plan de viabilidade da fundación.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á licitación para a xestión dun servizo público de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia nos concellos de Gondomar, O Grove, Salvaterra do Miño, Tui e Vilagarcía de Arousa, polo procedemento aberto (Expediente: PA 39/2010).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á licitación para a xestión dun servizo público de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia nos concellos de Coirós, Ferrol e Outeiro de Rei, polo procedemento aberto (expediente: PA 40/2010).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da concesión na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento en servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria.

INFORMES**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia do 18 de xuño de 2010, da presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, das actuacións directas de emerxencia de inmediata execución para resolver a situación de grave perigo ocasionada polas inundacións provocadas polos desbordamentos e riadas a causa do extraordinario temporal de choivas acaecido os días 9 e 10 de xuño de 2010 na mariña luguesa e nos concellos limítrofes, de CLAVE: EM.10002, cun importe dun millón cincocentos dez mil novecentos setenta e sete euros con sesenta e oito céntimos (1.510.977,68 €)
- Informe sobre a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas polas inundacións acaecidas o día 9 e 10 de xuño na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sintético de resultados da semana de Galicia (17 a 23 de maio) na Expo Universal de Shanghai 2010. Programación xestionada pola Consellería de Cultura e Turismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO NA ESTRADA NARÓN-CAMPO DO HOSPITAL PARA FACER UNHA GLORIETA QUE SUPORÁ UNHA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ZONA**

- *A rotonda posibilitará a realización de cambios de dirección e de sentido, reducindo as distancias que teñen que percorrer os vehículos e desconxestionando o tráfico rodado*
- *Outro dos obxectivo destas obras é mellorar a conectividade da estrada coas vías municipais do polígono das Lagoas*
- *O Goberno galego, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende obter unha rede viaria eficaz e segura*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de glorieta para mellora da seguridade viaria na estrada que conecta Narón e Campo do Hospital (AC-566).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega un importe de preto de 232.000 euros para a execución desta actuación que se levará a cabo na vía que une as localidades de Narón e Campo do Hospital (AC-566). A estrada está enmarcada dentro do polígono industrial das Lagoas, no concello de Narón.

Os traballos veñen motivados pola necesaria definición das obras que deben realizarse para a mellora da seguridade viaria nesta estrada de titularidade autonómica, pertencente á rede primaria básica.


Seguridade viaria

O principal obxectivo deste convenio é mellorar a conectividade da estrada coas vías municipais do polígono das Lagoas mediante a construción dunha rotonda, situada o máis equidistante posible das outras existentes.

Esta nova infraestrutura posibilitará a realización de cambios de dirección e de sentido, e ao mesmo tempo reducir as distancias que teñen que percorrer os vehículos que a diario efectúan as ditas manobras. A posta en marcha da glorieta provocará a desconxestión do tráfico rodado e vencerá carencias relacionadas coa seguridade viaria.

A Xunta de Galicia, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende alcanzar unha rede viaria eficaz na comunidade galega. Deste xeito, proporciónanse aos usuarios unhas estradas que facilitan a conducción cómoda e segura, e reducen a sinistralidade. Ademais, o dotamento dunha rede viaria mellorada achega a cidadanía aos distintos equipamentos na procura dun desenvolvemento económico e social nos concellos galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



14.05.2010

APROBADA A ADAPTACIÓN Á NORMATIVA DA UE DE DECRETOS SOBRE AGRICULTURA, FORMACIÓN AGRARIA E CONSERVACIÓN DA NATUREZA

- *Esta medida vai simplificar, entre outros trámites, os relacionados co funcionamento dos centros de protección de animais e a realización de accións formativas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un Decreto da Consellería do Medio Rural polo que se modifican diversos decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, de acordo co establecido polas leis 1/2010, do 11 de febreiro (galega), e 25/2009, do 22 de decembro (estatal), coñecidas como leis "omnibus".

O que pretende con esta medida é substituír determinadas autorizacións previas á realización de actividades neses campos pola presentación de declaracións responsables do cumprimento dos requisitos que exige a normativa vixente.

Simplificar trámites

Esta adaptación vai simplificar os trámites en relación co funcionamento dos establecementos destinados á protección de animais domésticos, a realización de cursos de formación agraria e en materia de benestar animal e sobre a realización de actividades dos operadores en materia de produción integral.

Así, os centros afectados poderán abrir o establecemento sen a autorización que existía con anterioridade e quedarán sometidos aos inspectores do Medio Rural para verificar que cumpren os requisitos dos cales fixeron a declaración responsable. En caso de incumprimento, poderán ser sancionados.

Noutro suposto, este decreto aplica o procedemento de simplificación previsto na Directiva de servizos ao converter en ilimitada a autorización de entidades que imparten cursos en materia de benestar animal, que tiña unha vixencia de cinco anos.

A XUNTA DE GALICIA PORÁ EN MARCHA UN PLAN PARA MELLORAR A SEGURIDADE DOS SISTEMAS INFORMÁTICOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *O Plan Director de Seguridade da Información, cun orzamento de 2,8 millóns de euros, implantarase de xeito progresivo ata o ano 2014*
- *A través de 10 liñas de actuación establécense os sistemas de protección para reducir a probabilidade de incidencias e minimizar o seu impacto*
- *Aplicarase ao conxunto das consellerías, organismos autónomos, sociedades e fundacións do sector público autonómico*
- *Con este documento o Goberno galego aproba tamén a política de seguridade da información da Xunta para cumprir os requirimentos do Esquema Nacional de Seguridade*

A Xunta de Galicia mellorará a seguridade dos sistemas de información de todos os seus departamentos coa posta en marcha dun Plan Director de Seguridade da Información, que cun orzamento de 2,8 millóns de euros abrangue o período 2010-2014. O plan, aprobado hoxe no Consello da Xunta, prevé dez liñas de actuación e aplicarase progresivamente ao conxunto de consellerías da Administración autonómica, aos seus organismos autónomos, sociedades públicas e fundacións do sector público autonómico.

Dentro deste plan, que desenvolverá a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, analizaranse as necesidades, planificación, deseño, xestión e implantación dos sistemas de información e elementos tecnolóxicos nos órganos da Administración de Xustiza en Galicia. Ademais, perfílanse unha serie de iniciativas orientadas a asesorar e sensibilizar o persoal da Administración local en materia de protección de datos, de seguridade informática e de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos

Liñas de actuación

A primeira liña do Plan de Seguridade refírese á xestión de continuidade e da dispoñibilidade que establecen os sistemas de protección que permitirán reducir a probabilidade de que se produza un incidente e, en caso de que suceda, acurtar o tempo de recuperación e minimizar o seu impacto.

Dentro desta liña encádranse as primeiras medidas urxentes que se porán en marcha e que son o resultado da análise dos problemas de comunicacións detectados na Rede Corporativa da Xunta de Galicia durante 2009 e principios de 2010. Estas iniciativas, que inclúen a adquisición de equipamento e a separación da conexión á rede do posto de usuario das conexións dos servidores, redundarán nunha mellora da seguridade e dispoñibilidade da rede co obxectivo de lograr que os servizos telemáticos estean accesibles un 100% do tempo. Complementáanse coa posta en marcha dun novo Centro de Apoio do Centro de Datos Corporativa en Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En canto á xestión do acceso á información dispóñense mecanismos para asegurar que o acceso físico ás instalacións en que se atopan os servidores se efectúen de maneira controlada. Por outra banda, tomaranse novas medidas de xestión do control de acceso no posto de traballo definindo os requisitos de acceso dos usuarios. Con este obxectivo implantarase un sistema de identificación dixital do empregado público e un sistema de xestión de acceso á rede para determinar o estado de seguridade do equipamento informático.

Con respecto á protección de datos de carácter persoal, búscase asegurar o máximo respecto das garantías e dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións. Dentro desa liña de actuación, prevese o apoio dos responsables de seguridade organizativa e técnica dos departamentos, coordinados polo Centro de Seguridade da Información (CSI), dependente da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Outra das liñas do plan é a avaliación e control dos riscos dos activos (información, datos, documentación, servizos, aplicacións, equipamento, comunicacións, recursos administrativos, físicos e humanos) que permiten a súa minimización ata niveis aceptables. Con esta finalidade despregaranse medidas de seguridade adecuadas, eficaces e proporcionadas, nun proceso de mellora continua que leve a organización a ser máis preventiva que reactiva fronte ás incidencias de seguridade.

Un dos activos máis importantes é a propia documentación de seguridade. Por iso o Comité de Seguridade dos Sistemas de Información, mediante auditorías periódicas, validará que esta xestión da documentación estea en consonancia coas medidas dispostas no protocolo de arquivo e documento electrónico

A xestión da seguridade está considerada no plan como un proceso transversal á organización, e o persoal de soporte técnico das distintas consellerías e organismos velará para que os procesos e actividades TIC cumpran e se adecuen ás medidas de seguridade que se van establecer.

Para concienciar e implicar na xestión da seguridade toda a dirección e persoal que presta servizos á Administración autonómica porase en marcha un plan de divulgación con accións formativas, campañas de difusión e sensibilización sobre protección de datos, políticas de uso seguro do posto de traballo e outras cuestións relacionadas co temas que contará coa colaboración de especialistas.

Pola especial importancia que ten a protección de datos persoais, estudarase a posibilidade de pór en marcha unha autoridade independente, que permita levar a cabo os labores divulgativos, formativos e de control en materia de protección de datos persoais dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, asumindo as competencias que procedan, para colaborar coa Axencia Española de Protección de Datos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As dúas últimas liñas de actuación consisten na elaboración dunha orde para o desenvolvemento do Decreto de boas prácticas e na creación dunha ferramenta para poder avaliar o grao de seguridade que se vai a alcanzando. É o que se denomina cadro de mandos, un instrumento de medida que, a través dun conxunto de indicadores, permitirá dispor de información que facilite a toma de decisións no ámbito da seguridade da información.

Cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade

Coa posta en marcha deste plan dáse tamén resposta ás exigencias do Esquema Nacional de Seguridade, que indica que todos os órganos superiores das administracións públicas deberán dispoñer formalmente da súa política de seguridade, que será aprobada polo titular do órgano superior correspondente. De aí a necesidade de fixar a política de seguridade da Xunta de Galicia nun documento que detalle o compromiso do Goberno galego coa seguridade da información, as atribucións de cada responsable e os mecanismos de coordinación e resolución de conflitos dentro das materias de seguridade da información.

A XUNTA AFORRARÁ 1,5 MILLÓNS DE EUROS O ANO QUE VÉN AO INTEGRAR DIVERSOS TELÉFONOS DE INFORMACIÓN NO 012

- *Os teléfonos de información ás mulleres, voluntariado, social e o do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal manterán a súa gratuidade debido aos colectivos a que van dirixidos*

A Xunta de Galicia aforrará 1,5 millóns de euros o vindeiro ano ao integrar nove teléfonos de información que operan na actualidade dentro do teléfono de Atención e Información ao Cidadán da Xunta de Galicia 012. Así o manifestou no Consello da Xunta o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, que explicou que a finalidade desta operación é dispor dun teléfono de información que sexa a porta de entrada para o cidadán, a través da cal reciba a información e orientación que máis lle interese.

Así, os actuais teléfonos de información en materia de vivenda (902.100.054), atención aos usuarios do Servizo de Emprego de Galicia (902.125.000 e 902.262.902, para demandantes e empregadores, respectivamente), o teléfono Xove (902.152.535) e o de información afectivo sexual Quérote (902.141.617), quedarían integrados no 012.

O mesmo ocorrerá cos teléfonos de información ás mulleres (900.400.273), do voluntariado (900.400.800), o social (900.333.666), e o Centro de Control de Teleoperación que dá soporte á xestión operativa do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065). Estes últimos, debido aos colectivos a que van dirixidos manterán a gratuidade do seu servizo, mediante a redirección das chamadas que entren polas súas liñas.

Ademais, desde o 1 de abril, o teléfono do Agro Galego (902.112.000), dependente da Consellería do Medio Rural, xa opera con total normalidade integrado no 012. Doutra banda, é de salientar que os teléfonos de emerxencias seguirán operando como ata agora, tanto o 061 (Urxencias sanitarias), como o 112 (Emerxencias de Galicia) e o 085 (teléfono incendios).

A integración de teléfonos no número unitario 012 ofrecerá unha serie de vantaxes para o usuario como é a sinxeleza do número, fácil de lembrar e marcar; a coherencia na información; ou a oferta dun servizo integral, posto que o mesmo operador pode responder calquera consulta realizada polo cidadán, independentemente da súa tipoloxía.

Ademais, o 012 ofrece varias canles de comunicación, tanto para a demanda de información como para a súa recepción, porque xunto ás convencionais chamadas telefónicas, tamén se pode empregar o correo electrónico e as mensaxes SMS. Mediante estes tres sistemas, o usuario poderá recibir tamén solicitudes, formularios, folletos, trípticos e incluso avisos e alertas.

OS CIDADÁNS DE CAMBADOS CONTARÁN CUNHA MELLORADA AVENIDA DE GALICIA, FROITO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O GOBERNO GALEGO E O CONCELLO PONTEVEDRÉS

- *As obras suporán un investimento de case 627.000 euros*
- *O acondicionamento desta zona beneficia máis de 14.000 habitantes do concello pontevedrés de Cambados e a súa área de influencia*
- *A avenida de Galicia ordena toda a fachada marítima do núcleo de Cambados, conformándose nun verdadeiro eixe vertebrador*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, destinado á recuperación e humanización dos espazos urbanos*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou un convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Cambados. Grazas a esta colaboración institucional, o Goberno galego fará unha achega de case 627.000 euros co fin de mellorar a seguridade viaria e os servizos urbanísticos da avenida de Galicia neste municipio pontevedrés.

Concretamente, procederáse á demolición do firme e pavimento existente e a nivelación do terreo; así mesmo colocarase un novo firme con aglomerado asfáltico e beirarrúas de pedra granítica; levarase a cabo a mellora da rede de saneamento de augas pluviais e residuais; e a mellora da iluminación pública e instalación do novo mobiliario urbano.

A Consellería de Medio Ambiente constatou a importancia desta obra, xa que existe a necesidade de proporcionar aos cidadáns desta localidade un acceso satisfactorio aos distintos equipamentos, logrando unha avenida segura, cómoda e eficaz.

Importancia da vía

A avenida de Galicia forma parte da vía que comunica as tres vilas históricas (Fefiñáns, San Tomé e o propio Cambados) pola beiramar e a partir desta ordénase toda a fachada marítima do núcleo urbano, conformándose como un verdadeiro eixe vertebrador. Así mesmo, o papel de enlace coas principais entradas desta localidade, favoreceu o asentamento dun importante comercio, configurándose na actualidade como a zona máis dinámica de Cambados.

Este concello pontevedrés, dentro do seu labor de rehabilitación e posta en valor do seu contorno histórico e patrimonial, ten a necesidade de afrontar a demanda dunha mellora dos servizos urbanísticos desta vía, o que provoca importantes carencias no desenvolvemento do municipio e no benestar dos seus habitantes.

As actuacións previstas terán lugar en dous tramos da avenida de Galicia, o primeiro que vai entre a praza do Concello e rúa Hospital e o segundo treito abrangue o espazo que vai desde a rúa Alameda e a rúa Os Olmos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Cos traballos programados, o Goberno galego pretende resolver problemas no desenvolvemento do municipio, dando maior calidade de vida aos seus cidadáns

Obrigas das partes

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas deberá aprobar o proxecto técnico e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción destas. Ademais de financiar as obras, destinando para iso ata un máximo de 626.911,45 euros, en dúas anualidades, comezando xa coas achegas este mesmo ano.

Pola súa banda, o Concello de Cambados deberá achegar o proxecto que recolla as obras previstas neste convenio, o cal deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Infraestruturas. Así mesmo, terá que poñer á disposición da Consellería os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado para a execución e asumir as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, e correr cos custos que se xeren.

Por último, a entidade municipal terá que asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a explotación, mantemento e conservación das obras realizadas, asumindo as responsabilidades correspondentes como ente titular delas.

Este acordo supón un incentivo para que os residentes da zona contribúan á creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás, mellorando así a calidade de vida dos cidadáns. O acondicionamento desta zona beneficia máis de 14.000 habitantes do concello pontevedrés de Cambados e a súa área de influencia.

Plan *HURBE*

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, actuación que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas, e dos concellos máis pequenos de Galicia, sen abandonar as zonas de cidades e vilas, pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentando os espazos públicos.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións nalgo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

AUGAS DE GALICIA INVISTE PRETO DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE MELLORA DA PRESA DO CON, EN VILAGARCÍA DE AROUSA

- *Os arranxos que se van efectuar garantirán a seguridade e o bo funcionamento da presa, proporcionando unha explotación adecuada do encoro*
- *Os traballos centraranse na construción dunha nova caseta de control na marxe esquerda da presa e demolición da existente*
- *A Xunta establece melloras na auscultación, automatización e telecontrol desta infraestrutura, instalando unha estación meteorolóxica, equipamento para o control sísmico ou un circuíto cerrado de vixilancia*
- *A Consellería de Medio Ambiente establece un prazo de execución de 8 meses para a realización destas obras*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou un convenio de colaboración técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución das obras de mellora de automatización da presa do Con.

A Xunta de Galicia, a través do organismo autonómico Augas de Galicia, realiza unha achega económica de preto de 1,7 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades, que se corresponden con este ano 2010 e o vindeiro 2011.

A execución destas actuacións hidráulicas pretende solucionar as deficiencias producidas en Vilagarcía tras as riadas acontecidas no ano 2006 que ocasionaron unha vertedura por coroación na presa. Deste xeito, os arranxos que se van efectuar garantirán a seguridade e o correcto funcionamento desta infraestrutura, proporcionando unha explotación adecuada do encoro.

Automatización

Os traballos centraranse na construción dunha nova caseta de control na marxe esquerda da presa e demolición da existente. O edificio de control servirá para realizar todas as funcións de control e xestión da presa e do encoro. Nela instalaranse os cadros eléctricos de control de todos os elementos automáticos da presa, así como o grupo electrógeno de emerxencia. Tamén se proxecta un cerramento e a urbanización do contorno.

O proxecto prevé a instalación de cinco comportas automáticas de aceiro no aliviadoiro, para conseguir incrementar a capacidade do encoro sen poñer en risco a xestión eficiente da presa. Tamén resulta preciso substituír todo o conxunto de valvulería que compón o desaugue de fondo da caseta de válvulas.

A Xunta de Galicia establece melloras na auscultación, automatización e telecontrol da presa. Así, instalaranse unha estación meteorolóxica, equipamento para o control sísmico ou un circuíto cerrado de vixilancia. Os parámetros automatizados enviaranse á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

estación central onde Augas de Galicia terá centralizada toda a información sobre as presas que xestiona.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito técnico e financeiro neste tipo de actuacións para resolver problemas en infraestruturas, proporcionando mellores condicións de vida á cidadanía.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece un prazo de execución de 8 meses para a realización destas obras de mellora.

MEDIO AMBIENTE COFINANCIA A REPOSICIÓN DE REDES DE SANEAMENTO NA AVENIDA EDUARDO PONDAL, EN PONTECESO, COA ACHEGA DE MÁIS DE 430.000 EUROS

- *A reposición das redes de saneamento de fecais e pluviais será total, demolerase toda a rede e restablecerase integramente cun sistema máis flexible que o actual formigón*
- *Estes traballos pretenden evitar a contaminación que se está a producir debido ás fisuras das redes existentes*
- *O proxecto prevé a realización de traballos complementarios como a demolición total das beirarrúas actuais e parte do paquete do firme, coas súas posteriores rehabilitacións*
- *A Dirección Xeral de Infraestruturas estima un prazo de execución de catro meses para levar a cabo os citados traballos de mellora*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello coruñés de Ponteceso para a realización das obras de reposición das redes de saneamento na avenida Eduardo Pondal.

O Goberno galego achega unha contía de máis de 430.000 euros, distribuídos en tres anualidades que se corresponden con este ano 2010 e os vindeiros 2011 e 2012. O financiamento restante, preto de 170.000 euros, serán achegados polo municipio coruñés, tamén ao longo de tres exercicios.

A actuación consiste na axeitada reposición das redes de saneamento de fecais e pluviais en ambas as marxes da citada vía. Así mesmo, precisarase a rehabilitación do firme e o arranxo de servizos deteriorados a causa dos traballos.

Saneamento

A zona obxecto do proxecto é unha marisma cun nivel freático variable, o que está a xerar problemas de inestabilidade dos terreos e roturas das canalizacións de pluviais e residuais existentes debido á súa rixidez.

A urxencia de acometer estes traballos xustifícase pola necesidade de evitar a contaminación que se está a producir debido ás fisuras das redes existentes. Ademais, o diámetro dos tubos actuais é insuficiente, polo que a rede de pluviais entra en carga en época de chuvias importantes.

A reposición das redes de saneamento de fecais e pluviais será total, demolerase toda a infraestrutura e reporase integramente cun sistema máis flexible que o actual formigón. Tamén se colocarán todas as arquetas e sumidoiros precisos. As arquetas estarán conectadas a un pozo ou rede mediante un colar de toma e os sumidoiros sempre a un pozo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Obras complementarias**

O proxecto recolle a realización de traballos complementarios como a demolición total das beirarrúas actuais e parte do paquete do firme, coas súas posteriores rehabilitacións. No acordo, establécense as obras necesarias para o mantemento doutros servizos que se poderían ver afectados como a iluminación pública.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos principais a mellora da rede viaria galega, de xeito que se proporcione aos usuarios unha condución cómoda e segura. Neste senso, facilítase á sociedade o acceso aos distintos equipamentos na procura dun desenvolvemento harmónico e ao mesmo tempo, redúcese a sinistralidade nas estradas da autonomía galega.

A Dirección Xeral de Infraestruturas estima un prazo de execución de catro meses para levar a cabo os citados traballos de mellora.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DE VARIAS ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA E NA VÍA NOGUEIRA-CAMBADOS (PO-300)**

- *O proxecto terá por finalidade a construción dunha glorieta na intersección entre a estrada autonómica e dúas estradas provinciais, así como a mellora da seguridade viaria no treito Freixo- Leiro- Ribadumia*
- *O convenio finalizará o 31 de decembro do 2011, e beneficiará aos máis de 4.800 veciños de Ribadumia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación de Pontevedra co fin de levar a cabo melloras en distintas vías da provincia de Pontevedra. Grazas a este acordo, mellorarase a seguridade viaria na intersección entre a estrada Nogueira-Cambados (PO-300) e en dúas estradas provinciais, así como na vía Coirón-Ribadumia-Leiro (EP-9305), concretamente, no treito que une Freixo-Leiro- Ribadumia.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas en infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que proporcione unha maior calidade de vida aos cidadáns.

A Xunta de Galicia investirá preto de dous millóns de euros nestas actuacións, mentres que a Deputación de Pontevedra achegará máis de 340.000 euros.

Obras a levar a cabo

O proxecto ten por finalidade construír unha glorieta na intersección entre a estrada autonómica Nogueira-Cambados (PO-300) e dúas estradas provinciais: Lois- A Goulla (EP-9508) e Leiro- Besomaño- Ribadumia (EP-9504), así como a mellora da seguridade viaria no treito Freixo- Leiro- Ribadumia da EP-9305.

Por unha banda, a construción da glorieta vén motivada pola escasa visibilidade da zona, o que dificulta a intersección entre a estrada autonómica e as provinciais no punto que pasa polo concello de Ribadumia. Ademais, esta infraestrutura tamén servirá para reordenar o tráfico da zona. Para completar isto, será preciso levar a cabo a instalación de beirarrúas nas estradas provinciais, a posta a punto dunha rede de saneamento e abastecemento, a instalación da iluminación pública, así como da rede de telecomunicacións e de enerxía eléctrica.

Por outra banda, o treito Freixo-Leiro-Ribadumia da estrada provincial EP- 9305 carece de beirarrúas polo que é necesario a súa construción, ademais de aparcadoiros pola marxe dereita da estrada. A instalación de servizos urbanos e a sinalización completarán o proxecto e aumentarán a seguridade viaria dos peóns que circulen pola zona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Convenio CMATI-Deputación de Pontevedra para a Mellora de SV na EP-9305.
Treito: Freixo-Leiro-Ribadumia e a construción dunha Glorieta na Intersección das estradas
PO-300 coa EP-9508 e a EP-9504 en Ribadumia.



Obrigas de Consellería e da Deputación de Pontevedra

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiará con 324.669,08 euros as obras de mellora de seguridade viaria entre o treito Freixo- Leiro- Ribadumia da estrada provincial, e 1.240.608 euros na construción da glorieta na PO-330 no seu cruzamento coas estradas provincias. Os investimentos faranse en dúas anualidades, neste ano e no vindeiro 2011. Así mesmo, deberá poñer en coñecemento da Deputación de Pontevedra a finalización das obras.

A Deputación de Pontevedra, pola súa parte, investirá 324.345 euros distribuídos tamén en dúas anualidades. Ademais, deberá elaborar os dous proxectos e poñer á disposición da Consellería os terreos necesarios para levar a cabo as obras libres de cargas e gravames.

Establecerase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada administración que avaliará o cumprimento do establecido no convenio.

O convenio finalizará o 31 de decembro do 2011 e beneficiará os máis de 4.800 veciños do Concello de Ribadumia.

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE CINCO MILLÓNS DE EUROS PARA CREAR UN SERVIZO DE APOIO Á XESTIÓN DA INNOVACIÓN NA PEME E IMPULSAR OS INVESTIMENTOS INNOVADORES

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio coa EOI para definir o modelo deste novo servizo de apoio á empresa e para o desenvolvemento da Rede XIGA*
- *As actuacións recollidas neste acordo contan cun orzamento total de dous millóns de euros*
- *O Consello aprobou tamén a orde de axudas para investimentos innovadores que, cun orzamento total de 3,5 millóns de euros, anticipa o 80% das subvencións sen necesidade de garantías*
- *As pequenas empresas poderán beneficiarse destas subvencións de ata o 50% e as medianas de ata o 40%, mentres que no caso das grandes a porcentaxe se restrinxen a un máximo do 30%*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe un paquete de medidas por valor de máis de 5 millóns de euros para dinamizar a innovación e mellorar a competitividade das pemes galegas, a través dun convenio coa Fundación Escola de Organización Industrial (EOI) e a implementación dunha orde de axudas que permitirá adiantar o 80% das subvencións para os investimentos innovadores sen necesidade de que os beneficiarios presenten garantías.

Deste xeito, o Consello autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+I, e a EOI para sentar as bases dun servizo de apoio á xestión da innovación na Peme, xunto con outras actuacións dirixidas ao desenvolvemento da pioneira Rede de Xestores de Innovación de Galicia (XIGA).

O proxecto que se desenvolverá ao abeiro deste convenio denomínase 'Programa de I+D+I para a mellora da competitividade nas pemes galegas 2010' e está dotado cun total de dous millóns de euros. O seu obxectivo principal será impulsar a mellora competitiva do tecido empresarial galego dotando as pemes galegas de ferramentas que lles faciliten a incorporación de innovacións e novas tecnoloxías.

Este será un servizo ligado á futura Axencia Galega de Innovación e orientado á diversificación, crecemento e relanzamento das pequenas e medianas empresas galegas que operan en sectores estratéxicos a través de actuacións que fomenten a creatividade aplicada e a innovación.

Desenvolvemento da Rede XIGA

O acordo coa EOI recolle tamén as actuacións de desenvolvemento da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (XIGA), que neste momento ten aberto o prazo de presentación de solicitudes tanto para os aspirantes a xestores como para as empresas interesadas en incorporalos aos seus cadros de persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En primeiro lugar, ao abeiro deste convenio levaranse a cabo todos os talleres de capacitación para os xestores de innovación empresarial nos cales se porán á súa disposición as ferramentas existentes, as mellores prácticas e a transmisión de coñecemento co obxectivo de optimizar o servizo que estes lles prestarán ás pemes para a súa plena incorporación ao ecosistema da innovación. Tamén se prevén accións de consultoría de competitividade, destinadas á realización dun diagnóstico que permita coñecer o grao de madureza competitiva das empresas, completadas cunha proposta de áreas de mellora e asesoramento para a implantación, se é o caso.

A EOI será tamén a encargada do desenvolvemento da plataforma tecnolóxica da Rede XIGA orientada a facilitar a implantación de proxectos de innovación nas pemes. Esta plataforma, construída no ámbito da Web 2.0, impulsará o establecemento dunha rede social e empresarial orientada á cooperación e dinamización de actuacións de carácter técnico, así como a avaliación do grao de eficiencia e resultados das accións de innovación empresarial promovidas polos xestores.

Por último, e neste mesmo ámbito, prevese a posta en marcha de redes de apoio á innovación especializada para o intercambio de coñecementos. Mediante estas actuacións, analizarase a oferta e a demanda en innovación co fin de potenciar as mellores prácticas e detectar potenciais liñas de optimización para impulsar a incorporación da innovación nas pemes galegas.

Anticipos

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou tamén o pagamento de anticipos de ata o 80% libres de garantía sobre as axudas que lles serán concedidas ás empresas galegas para realizar investimentos innovadores. Esta liña de subvencións está dotada con 3,5 millóns de euros e abrirase á recepción de solicitudes nos próximos días a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

As axudas, concedidas pola Consellería de Economía e Industria a través da Dirección Xeral de I+D+I, teñen por obxecto incentivar a mellora competitiva das empresas, especialmente das pemes, mediante o incremento da súa capacidade tecnolóxica e innovadora. Principalmente trátase de facilitar o financiamento de recursos materiais específicos para desenvolver os seus proxectos de innovación destinados a poñer no mercado novos ou mellorados produtos ou servizos.

Os investimentos innovadores para os que as empresas poden solicitar axudas teñen que ascender a un mínimo de 300.000 euros. As pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 50% e as medianas de ata o 40%, mentres que no caso das grandes a porcentaxe se restrinxe a un máximo do 30% sobre o total do custo xustificado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As empresas galegas poderán solicitar estas axudas para a creación dun novo centro produtivo ou a ampliación dun xa existente, sempre que teña a finalidade de desenvolver novos produtos e procesos. Tamén para a diversificación da produción para atender mercados de produtos novos ou para unha transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción, así como para a dotación de departamentos de I+D+I nas empresas para ampliar a súa capacidade tecnolóxica e innovadora.

En concreto, será subvencionable a adquisición de maquinaria e de equipamento específico para os departamentos de I+D+I, como poden ser equipamento de laboratorio, ademais dos acondicionamentos necesarios para a súa instalación e funcionamento. Tamén se poderán solicitar axudas para a transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, know-how ou coñecementos técnicos non patentados.

A concesión de anticipos nesta liña de subvencións inscríbese no marco da política da concesión de axudas empresariais que vén desenvolvendo a Consellería de Economía e Industria desde hai un ano para contribuír á dispoñibilidade de liquidez por parte das pemes e reducir as cargas burocráticas e de custos anulando a exixencia de presentación de garantías.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INTENSIFICA A SÚA APOSTA POLO AFORRO E A EFICIENCIA E POLAS ENERXÍAS RENOVABLES CUN INVESTIMENTO DE 20,4 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe un innovador convenio entre o Inega e o Idae que se desenvolverá por primeira vez en Galicia e que permitirá a posta en marcha de proxectos importantes que servirán para incrementar o aforro e a eficiencia enerxética e o fomento da utilización das fontes renovables*
- *Terán carácter prioritario os proxectos de eficiencia enerxética e de promoción do transporte urbano limpo, así como os de instalación de enerxías renovables (solar térmica, fotovoltaica e biomasa) nos edificios da administración autonómica*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía e Industria, e o IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía) para o desenvolvemento e realización de proxectos no período 2007-2013, no ámbito territorial de Galicia, que estean destinados á posta en marcha de medidas ou actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética e de fomento das enerxías renovables.

Trátase dunha actuación innovadora, posto que é a primeira vez que se desenvolve en Galicia un convenio destas características, que conta cun orzamento global de 20.427.375 euros a desenvolver entre os anos 2010 e 2013. Mediante o devandito acordo posibilitarase a posta en marcha de proxectos importantes que sirvan para incrementar o aforro enerxético e o fomento da utilización das fontes renovables na administración.

Proxectos prioritarios

Terán prioridade, no ámbito do aforro e da eficiencia enerxética, dúas liñas de actuación: os proxectos de eficiencia enerxética no sector edificación (aos que se destinarán 7.143.385 euros) e os proxectos de transporte urbano limpo (cun orzamento de 3.064.369 euros). En enerxías renovables primarase a enerxía solar térmica de baixa temperatura e a enerxía solar fotovoltaica illada (cun montante global de 7.154.625 euros) e os proxectos de biomasa (3.064.369 euros) na administración autonómica.

Deste xeito, no ámbito deste acordo, poderanse desenvolver proxectos de rehabilitación de envolvente térmica en edificios, mellora de instalacións térmicas, mellora da iluminación interior de edificios, estudos xerais de mobilidade urbana sostible, proxectos de solar térmica de baixa temperatura e de instalación de caldeiras de biomasa, entre outras actuacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Obxectivos**

A través da execución deste convenio, Economía e Industria continúa fomentando a utilización das enerxías renovables e o fomento do aforro e da eficiencia enerxética, actuación que se insire na aposta global da Xunta de Galicia por construír un modelo enerxético limpo e respectuoso co medio ambiente, e que ten como obxectivos prioritarios e irrenunciáveis, de acordo coas directrices do Plan Enerxético Estratéxico de Galicia 2010-2015, o de chegar a 2015 producindo con enerxías renovables máis do 95% do consumo de electricidade e o de reducir do 1,01 ao 0,27 a taxa de incremento da demanda da enerxía, co que se conseguirá un aforro económico de preto de 1.000 millóns de euros, un aforro de enerxía primaria de 1.002 ktep e unha redución de 4.0011 kt de CO₂ á atmosfera.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA OPERACIÓNS DE FINANCIAMENTO QUE SUMAN 11,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSOLIDACIÓN DE 300 EMPREGOS**

- *Os apoios concedidos articularanse mediante os avais que autorizou o Consello da Xunta, que suman 7,58 millóns de euros*
- *San Martín, Alimentos Lácteos, Alumán e Dygra son as beneficiarias das operacións que autorizou o Consello da Xunta*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), operacións de financiamento impulsadas por catro empresas e que superan os 11,6 millóns de euros. Os apoios concedidos articularanse mediante os avais que autorizou o Consello da Xunta, que suman 7,58 millóns de euros e que servirán para que as catro sociedades beneficiarias poidan consolidar cadros de persoal que suman na actualidade máis de 300 persoas.

Así, a sociedade San Martín, S.A., con sede na cidade da Coruña e que emprega máis de cen traballadores nas diferentes empresas do grupo, poderá contar cun aval por importe máximo de 2,1 millóns de euros en garantía parcial dun préstamo bancario de 3,5 millóns de euros para reestruturación de pasivos e financiamento de circulante. O grupo desenvolve actividades diversas en ámbitos como elaboración de mecanizados, parques eólicos, habilitación naval, transportes ou estruturas e mantementos industriais.

Por outra parte, o Igape concederá a Alimentos Lácteos un aval por importe máximo de 1,6 millóns para apoiar operacións de préstamo bancario por un total de 2 millóns de euros destinadas ao financiamento operativo da industria láctea que administra esta firma, en Outeiro de Rei, Lugo. A operación prevé o mantemento dos 71 postos de traballo da antiga planta de Leite Pascual. Alimentos Lácteos xorde a partir da iniciativa conxunta dun grupo de cooperativas produtoras de leite interesadas en concentrarse arredor dunha industria de xestión propia que lles permite gañar valor engadido e competir cos principais operadores no mercado lácteo ibérico. Os cooperativistas promotores suman unha produción anual de 90 millóns de litros de leite.

Do mesmo xeito, o Consello da Xunta autorizou a concesión a Carpintería Metálica Alumán, con sede en Arteixo (A Coruña), dun aval por importe máximo de 1,43 millóns de euros para garantir parcialmente préstamos bancarios por importe de 2,6 millóns de euros destinados a impulsar o desenvolvemento do plan de negocio do grupo, que emprega 87 traballadores. O grupo Alumán desenvolve actividades vinculadas ao sector da construción realizando traballos en madeira, prefabricados de formigón, equipamentos comerciais, mecanizados e inxección de plásticos e aluminio, ademais de carpintería metálica e de PVC.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Consellería de Economía e Industria concederá igualmente, a través do Igape, un aval por importe de 2,45 millóns de euros á empresa coruñesa de animación Dygra Films, en garantía parcial dun préstamo bancario por importe de 3,5 millóns de euros destinado a cubrir as súas necesidades de financiamento operativo. Esta operación, cun prazo de dous anos, non supón un incremento do risco asumido polo Igape con esta empresa audiovisual, dado que o préstamo avalado vai destinado a cancelar outro da mesma contía tamén avalado polo Instituto e que vencía o pasado mes de maio. Para dar a continuidade necesaria á operación de financiamento, o Igape concedera no consello de dirección do pasado mes de abril unha prórroga que a empresa non puido formalizar en prazo coa súa entidade financeira; esa é a razón pola que se reformula agora como unha operación nova.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve, a liña de garantías do Igape está a ser un instrumento fundamental para procurar que as empresas galegas poidan obter financiamento bancario para cubrir as súas necesidades de circulante ou para o refinanciamento dos seus pasivos a curto prazo. A Consellería de Economía e Industria, da man do renovado Instituto Galego de Promoción Económica, concedeu durante o ano pasado avais por importe de 119 millóns de euros, un 114% máis que no ano anterior.

A crise fai que sexan numerosas as empresas que requiren desta fórmula de apoios, coa administración compartindo riscos para que flúa o crédito cara as empresas viables que o precisan. Deste xeito, a administración procura dar impulso ao desenvolvemento e a consolidación dos proxectos viables das empresas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A USC COLABORAN NO
DESENVOLVEMENTO DA INVESTIGACIÓN SOBRE LINGUA GALEGA**

- *Ambas as entidades asinarán un convenio para apoiar os proxectos que ten en marcha o Instituto da Lingua Galega, por importe de 156.688 euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela asinarán un convenio de colaboración para continuar co programa de actuacións en materia de investigación lingüística para o ano 2010, a través do Instituto da Lingua Galega (ILG). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura deste convenio, que servirá para dar impulso á dinamización do galego e ao desenvolvemento da investigación sobre esta lingua.

Ao abeiro deste convenio –por importe de 156.688 euros-, a Consellería de Educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a USC impulsarán o programa de actuacións en materia de investigación lingüística que ten en marcha o ILG. Trátase, en primeiro lugar, da elaboración de novos volumes do Atlas Lingüístico Galego (ALGa), así como da presentación da páxina web deste proxecto, que acollerá e difundirá información xeral e os seus materiais básicos. Ao mesmo tempo, o obxecto do convenio incide na actualización da base de datos lexicográfica para un dicionario da lingua galega, así como no mantemento e na mellora do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), a través do que se consulta a mencionada base de datos.

Grazas á colaboración entre a Consellería de Educación e a USC tamén se lle dará continuidade á transcripción e preparación da edición de documentos galegos da colección do mosteiro de Santa María de Oia. Así mesmo, este convenio permitirá ampliar o corpus de textos romances da Galicia medieval e manter o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG).

Finalmente, o ILG impulsará o Arquivo do Galego Oral (AGO) coa recollida de novos textos orais nalgúns dos puntos en que aínda non se conta con gravacións, para conseguir unha representación territorial plena.

Un referente na investigación científica

A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) colaboran desde o ano 1987 no desenvolvemento de traballos de investigación lingüística do idioma galego, o que se plasma a partir do ano 1994 na sinatura de convenios de colaboración. Estes traballos realízanse a través do ILG, centro de investigación lingüística da USC dedicado ao estudo e á promoción da lingua galega.

O ILG, dirixido Rosario Álvarez, desenvolve un labor investigador que se distribúe nas seccións de Lexicografía, Xeografía lingüística e Dialectoloxía, Onomástica, Fonética, Gramática, Sociolingüística e Historia da lingua.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, impulsa o desenvolvemento da investigación científica sobre o galego, ao tempo que se contribúe á difusión e á dinamización desta lingua en todos os ámbitos da sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**SANIDADE DESTINA PRETO DE 250.000 EUROS PARA INCREMENTAR AS PRAZAS PARA ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE NOS DISPOSITIVOS COMPLEMENTARIOS DE REHABILITACIÓN**

- *O número de novas prazas é de 89, para entidades dos concellos da Coruña, Ferrol, Monforte de Lemos, A Guarda, Culleredo e Santiago de Compostela*
- *A cantidade total destinada a este fin no 2010 supera os 4,6 millóns de euros*

O Servizo Galego de Saúde ten concertada a ocupación e reserva de prazas para enfermos con trastorno mental persistente con distintas entidades que actúan como dispositivos complementarios de rehabilitación. Logo dun estudo realizado o pasado ano no que se valoraron os recursos asistenciais existentes, así como a poboación e as necesidades de atención sanitaria nas distintas áreas de actuación, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía vai proceder a incrementar un total de 80 prazas nos centros da Coruña, Ferrol, Monforte de Lemos, A Guarda; e nove prazas máis en pisos protexidos en Culleredo e Santiago de Compostela. A ocupación das novas prazas producirase a partir do 1 de xullo.

O investimento previsto pola Consellería de Sanidade para este incremento é de 249.087 euros, distribuídos en dúas anualidades, 140.175 € para este ano, e 108.912 €, para o vindeiro.

Para tal efecto, Sanidade subscribirá cláusulas adicionais aos concertos que xa tiña establecidos e aumentará 25 prazas coa Asociación Pro Enfermos Mentais, APEM (A Coruña); coa Asociación AFAES Porta Nova (Ferrol), 15 prazas; coa Asociación Albores (Monforte de Lemos), 15 prazas; e coa Asociación Avelaíña (A Guarda), 25 prazas. Polo que atinxe, ás novas nove prazas en pisos protexidos, distribúense do seguinte xeito, catro coa Asociación Itínera (Santiago de Compostela), e cinco coa Asociación Pro Enfermos Mentais APEM (Culleredo).

Hai que sinalar que estes dispositivos complementarios de rehabilitación vanse incrementando en función das necesidades detectadas en cada área sanitaria. Así, a planificación da apertura de novos dispositivos procura evitar desequilibrios de cobertura nas distintas zonas. En consecuencia, e debido ao incremento da demanda destes dispositivos, nas súas distintas tipoloxías, e vistas as necesidades de cobertura das diferentes áreas sanitarias e a súa priorización, o Sergas considerou oportuno esta medida de ampliación.

Hai que sinalar, por último, que o Servizo Galego de Saúde destina máis de 4,6 millóns de euros en 2010 para o pagamento das prazas nos dispositivos complementarios de rehabilitación de enfermos con trastorno mental persistente, mediante a modalidade de concerto coas diferentes asociacións espalladas pola xeografía galega.

SANIDADE COLABORARÁ COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS EN MATERIA DOCENTE, ASISTENCIAL E DE INVESTIGACIÓN

- *O Consello da Xunta autoriza a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinados no ano 2001*

A Consellería de Sanidade vai destinar ás tres universidades galegas, para o período correspondente ao segundo semestre deste ano e o primeiro do vindeiro, a cantidade de 6.456.693 euros, no marco da utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias.

Para tal efecto, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinados no ano 2001, para colaborar nos aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

Así, grazas a esta colaboración entre as tres universidades galegas e o departamento que dirixe Pilar Farjas, coopérase, entre outros obxectivos, no mantemento da cualificación dos profesionais da saúde ao seu máis alto nivel, e trabállase para que as investigacións e ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria. Ademais, poténciase a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

Igualmente, favorécese o desenvolvemento de departamentos universitarios nas áreas da saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais institucións sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINARÁ 311.760 EUROS PARA A REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO TEATRO COLISEO NOELA DE NOIA**

- *O Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Noia para a rehabilitación da cuberta, a instalación dun ascensor, a mellora de seguridade e a reparación de revestimentos do Teatro Coliseo Noela*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Noia para a realización das obras de reparación e acondicionamento do Teatro Coliseo Noela de Noia. O acordo contará cunha dotación orzamentaria de 311.760 euros, que será distribuída en dúas anualidades.

As obras de acondicionamento e reparación do Teatro Coliseo Noela inclúen a rehabilitación da cuberta, a instalación dun ascensor, a mellora de seguridade e a reparación de revestimentos. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tamén se encargará da contratación das obras de rehabilitación, a dirección e execución de obra, e a coordinación de seguridade e saúde.

O Teatro Coliseo Noela é unha edificación de 1920 que está catalogada no vixente Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Centro Histórico de Noia. Debido ao actual estado de deterioración progresiva do inmovible, que podería afectar elementos estruturais da cuberta, a Consellería de Cultura e Turismo realizará as reformas necesarias en materia de protección, conservación e posta en valor deste ben cultural.

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ 115.000 EUROS PARA A CONSTRUCIÓN DUN AUDITORIO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA)

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Mos para a construción dun auditorio ao aire libre e o soterramento do cableado eléctrico no contorno do Pazo de Mos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Mos para a construción dun auditorio ao aire libre no contorno do Pazo de Mos e o soterramento do cableado eléctrico necesario. Con este acordo, a Xunta de Galicia responde á necesidade do Concello de Mos de contar cunha infraestrutura cultural axeitada que lle permita levar a cabo unha programación cultural estable e adecuada ás necesidades culturais e ás demandas sociais da poboación.

As consellerías de Cultura e Turismo e de Economía e Industria enmarcan este acordo no seu labor de definición do mapa das infraestruturas de Galicia, atendendo as prioridades de dotación e equipamento imprescindibles. En virtude do convenio autorizado hoxe, a Xunta de Galicia comprométese ao financiamento da construción do auditorio a través dunha achega de 85.000 euros da Consellería de Cultura e Turismo, que será distribuída en dúas anualidades. Esta actuación será financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, que recolle a articulación da estratexia da Xunta relacionada con distintos eixes prioritarios de intervención. Nestes eixes establécense medidas dirixidas ao desenvolvemento local e urbano como a creación e mellora de infraestruturas culturais entre os que se atopan os centros culturais. Do mesmo xeito, a Consellería de Economía e Industria realizará unha achega de 30.000 euros para o soterramento do cableado eléctrico.

A Xunta de Galicia traballa na construción de infraestruturas culturais en distintos concellos de Galicia co obxectivo de ofrecer á poboación unha oferta cultural axeitada e impulsar a súa participación nos actos programados. Deste xeito, a realización deste centro cultural ofrece ao Concello de Mos a oportunidade de poder desenvolver actividades culturais de diversa índole, sostidas pola colaboración entre as persoas e entidades particulares e os estamentos públicos. Trátase de converter Mos nun referente cultural que pode ofrecer unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural ao público de todas as idades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO COA FUNDACIÓN CAMILO JOSE CELA PARA GARANTIR A SÚA VIABILIDADE A TRAVÉS DUN PLAN DE AXUSTE ECONÓMICO-FINANCEIRO**

- *O Goberno galego acordará coa fundación as liñas de actuación conxuntas para asegurar o control axeitado dos fondos públicos así como a permanencia e conservación en Galicia do patrimonio cultural de Camilo José Cela*
- *A Fundación Camilo José Cela pasará a formar parte das fundacións do sector público de Galicia. O legado bibliográfico, documental e epistolar do premio Nobel galego instalarase na Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura*
- *O acordo establece , así mesmo, a potenciación da actividades culturais e museísticas na sede de Iria Flavia en Padrón para incrementar o número de visitas á casa de Cela, aos seus cadros, coleccións, ao seu despacho e todo o contorno da fundación*
- *Forman parte do legado do escritor os borradores e manuscritos das súas obras, unha colección de 95.000 cartas, a súa biblioteca de traballo (con 42.650 volumes), unha hemeroteca con 48.200 publicacións, mais de 529 obras pictóricas (incluíndo pinturas de Picasso ou Miró), centos de títulos, recoñecementos, homenaxes e, en suma, todo aquilo que amosa a influencia da obra de Camilo José Cela na cultura*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio coa Fundación Camilo José Cela para garantir a viabilidade futura da Fundación a través da aplicación dun plan de axuste económico-financeiro. En virtude deste acordo, a Fundación Camilo José Cela pasará a formar parte das fundacións do sector público de Galicia e o legado bibliográfico e os manuscritos do premio Nobel galego instalarase na Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura. Do mesmo xeito, asegúrase a titularidade do todo o legado na Fundación e a permanencia en Galicia do patrimonio cultural de Camilo José Cela. No convenio prevese, así mesmo, a potenciación de actividades culturais e museísticas na sede de Iria Flavia en Padrón co obxectivo de incrementar o número de visitantes que coñezan de cerca a figura de Cela.

O Goberno galego, a través da Consellería de Cultura e Turismo, acordará coa Fundación Camilo José Cela as liñas de actuación que se deberán desenvolver de modo conxunto de cara a garantir a viabilidade e a mellor conservación do legado do escritor galego ante as graves dificultades económicas orixinadas pola desaparición de achegas de patróns privados. A Xunta de Galicia recoñece o interese especial da Fundación Camilo José Cela como parte do patrimonio cultural galego, singularmente por contar con todos os manuscritos orixinais do único premio Nobel galego, unido a uns fondos documentais de máxima relevancia, a unha valiosa colección pictórica e a unha rica biblioteca con máis de 45.000 volumes.

O financiamento da Fundación en vida de Camilo José Cela compoñíase fundamentalmente de achegas de patróns privados e en menor medida por achegas da Xunta de Galicia, das deputacións provinciais da Coruña e Pontevedra e do propio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Concello de Padrón. Na actualidade, as achegas dos patróns privados desapareceron practicamente no financiamento da fundación que está sustentada en entidades públicas. Esta situación colocou a fundación nunha grave crise financeira que será insostible a curto e medio prazo de non mediar solucións e alternativas nas previsións anuais de ingresos e gastos. En virtude do acordado, os estatutos da fundación serán modificados para axustalos á nova situación da entidade en que a Xunta de Galicia asume a posición maioritaria do seu padroado.

O acordo establece a necesidade de que a fundación acometa un plan de axuste dos seus gastos de funcionamento con obxecto de reducir o gasto corrente e adaptalo ás previsións de ingreso de cada exercicio. A fundación traballará para manter e aumentar as achegas de patróns privados, así como tratar de obter financiamento por parte de distintas entidades interesadas en participar nas actividades da fundación. O plan de axuste foi aprobado polo Padroado da Fundación na súa reunión do 27 de maio en Padrón.

Difusión do legado

Coa nova estrutura de ingresos, a Fundación Camilo José Cela pasará formar parte do sector público de Galicia como fundación de interese galego, segundo o recollido na Lei 12/2006, do 1 de decembro. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura, asumirá os gastos de conservación, custodia e difusión do fondo bibliográfico, documental e epistolar, titularidade da fundación. Con esta fórmula, trátase de difundir o legado de Cela a todas as persoas que se acheguen á Cidade da Cultura e facilitar a accesibilidade dos investigadores a esta documentación.

O convenio prevé, así mesmo, o mantemento da situación museística na actual sede de Iria Flavia, en Padrón, e a potenciación de actividades de carácter cultural. Traballarase co obxectivo de incrementar o número de visitantes que coñezan de preto a figura de Camilo José Cela achegándose á sede da Fundación en Padrón para coñecer a casa do escritor, os seus cadros, coleccións, despacho e todo o contorno. Manteranse, doutra banda, os accesos dixitalizados aos distintos fondos e se está a estudar a posibilidade de elaborar facsímiles dalgúns dos manuscritos para expoñelos nesta sede.

Novo Padroado

O padroado da Fundación Camilo José Cela estará composto por un mínimo de 20 e un máximo de 25 membros, correspondendo ao referido órgano a determinación do número concreto de membros que o integrarán en cada momento. Así mesmo, existirá unha presidencia de honra, que será ocupada por Marina Castaño López.

Inicialmente formarán parte do padroado da fundación como membros natos: o alcalde do Concello de Padrón, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, os presidentes das deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; como membros permanentes: os conselleiros da Xunta de Galicia competentes en materia de Cultura e de Educación; e outros membros designados: un por S.M. o Rei, un pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Universidade de Santiago de Compostela, un pola Universidade Camilo José Cela e nove pola Xunta de Galicia. O conselleiro da Xunta de Galicia competente en materia de cultura desempeñará o cargo de presidente do Padroado, ao cal lle corresponderá exercer a representación da fundación. O padroado poderá acordar a designación dun vicepresidente de entre os seus membros, se o considera necesario.

Fundación Camilo José Cela

Camilo José Cela (Iria Flavia 1916 - Madrid 2002) é o escritor galego máis destacado no mundo da literatura. Entre os seus recoñecementos figuran o nomeamento doutor Honoris Causa por 25 universidades en todo o mundo, fillo predilecto de Padrón, Académico de Honor da Real Academia Galega, Premio Príncipe de Asturias das Letras, Premio Planeta, Premio de la Sociedad de Periodistas de Galicia e Premio Nobel da Literatura. As obras de Camilo José Cela edítanse en 39 idiomas de todo o mundo.

Todos os expertos coinciden en afirmar que o legado de Camilo José Cela é único na historia da literatura, xa que conta con todos os elementos necesarios para coñecer o proceso da procura expresiva do seu autor. Aos borradores e manuscritos das súas obras teñen que engadírselle a suma dun inxente epistolario cunha colección de 95.000 cartas, a súa biblioteca de traballo (con 42.650 volumes), toda a bibliografía publicada sobre el, os seus documentos, a inmensa maioría das informacións e comentarios aparecidos na prensa desde os anos corenta, todas as edicións e tradicións da súa obra e o arquivo completo da revista *Papeles de Son Armadáns* que fundou e dirixiu desde 1956 ata 1979.

Este fondo documental tamén conta con máis de 529 obras pictóricas (incluíndo pinturas de Picasso ou Miró), unha hemeroteca (con 48.200 publicacións), centos de títulos, recoñecementos, homenaxes e, en suma, todo aquilo que reflicte a influencia da obra de Camilo José Cela na cultura. En 1991 foi inaugurada a Fundación Camilo José Cela con sede en Iria Flavia, cumpríndose así o desexo do escritor de que Galicia recibise o legado da súa obra.

A XUNTA PORÁ Á DISPOSICIÓN DAS PERSOAS DEPENDENTES UN TOTAL DE 109 NOVAS PRAZAS RESIDENCIAIS EN CORUÑA, LUGO E PONTEVEDRA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o concerto para a reserva e ocupación de prazas, o que suporá un investimento de máis de 5,2 millóns de euros ata 2103*
- *Nos concellos de Gondomar, O Grove, Salvaterra de Miño, Tui, Vilagarcía de Arousa aumentarase a oferta en 76 prazas e nas localidades de Coirós, Ferrol e Outeiro de Rei será de 33*
- *A Xunta concertará por primeira vez prazas públicas en Gondomar, Coirós e Outeiro de Rei*

A Xunta incrementará a súa oferta pública de atención residencial co concerto de 109 novas prazas nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de máis de 5,2 millóns de euros entre os anos 2010 e 2013 para aumentar un total de 76 prazas nos concellos de Gondomar, O Grove, Salvaterra do Miño, Tui e Vilagarcía de Arousa e 33 nas localidades de Coirós, Ferrol (A Coruña) e Outeiro de Rei (Lugo).

En Gondomar, Coirós e Outeiro de Rei será a primeira vez que a Administración autonómica leve a cabo un concerto de prazas.

A creación de prazas residenciais para persoas en situación de dependencia é un dos obxectivos primordiais do Goberno galego, xa que esta iniciativa contribúe á implantación dun sistema de atención social especializado, que ten en conta as necesidades das persoas que precisan unha atención sociosanitaria e tamén das súas familias.

A actuación que autorizou hoxe o Consello da Xunta incrementa, desta forma, os recursos de Galicia recollidos no catálogo de servizos sociais de atención á dependencia, que está previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A finalidade da Consellería de Traballo e Benestar é ir incrementando progresivamente este tipo de recursos na medida en que responda a unha necesidade real e sexa demandando polos usuarios. Desta forma, a Xunta está a facer fronte a unha demanda da poboación e ao obxectivo principal da Lei de dependencia: apostar polo incremento de recursos públicos para atender as persoas maiores dependentes.

Así mesmo, cabe destacar que esta medida non só supón mellorar a calidade de vida das persoas dependentes e das súas familias, senón que tamén reforza a estabilidade do emprego nos servizos sociais, un dos novos nichos de mercado que está a promover a Xunta e que prevé o Plan de Actuación Social 2010-2013.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Nos criterios obxectivos de adxudicación, que se terán en conta á hora de levar a cabo a licitación pública do concerto destas 109 prazas, valoraranse, entre outros aspectos, os sistemas de calidade que teñan implantados as empresas que opten ao concurso, entre eles, o relativo ao ambiente.

Ademais, na adxudicación do contrato terán preferencia os licitadores que dispoñan da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINARÁ 3,3 MILLÓNS ATA 2012 EN AXUDAS PARA MELLORAR OS CENTROS DE INICIATIVA SOCIAL ESPECIALIZADOS EN DISCAPACIDADE**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe unha partida destinada a subvencións para o investimento, mantemento e promoción de actividades de servizos sociais en xeral*
- *As entidades de iniciativa social poderán solicitar a concesión de anticipos de ata o 80 por cento cando o investimento que se vaia desenvolver exixa pagamentos inmediatos*

A Xunta destinará 3,3 millóns de euros ata 2012 en axudas para accións de mellora nos centros de entidades de iniciativa social que prestan servizos ás persoas con discapacidade. Ata o momento, a orde establecía de forma conxunta as subvencións para o investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais de maneira xeral.

Así, o Consello da Xunta autorizou hoxe a contía asignada a este fin e que se distribuirá nos exercicios 2010, 2011 e 2012. A concesión de axudas irá destinada para a construción, reforma e equipamento de centros e servizos sociais das entidades de iniciativa social que levan a cabo programas e prestan servizos especializados na área de atención ás persoas con discapacidade, atendendo aos diferentes tipos e graos.

En concreto, poderán ser subvencionadas as actuacións para adaptar os centros á normativa de accesibilidade, para a adquisición e instalación de equipamentos e mobiliario e para a compra de inmobles e vehículos de transporte adaptado, así como para melloras de confortabilidade que non requiran autorización municipal.

A orde prevé a concesión de anticipos de ata o 80 por cento da subvención concedida cando o investimento exixa pagamentos inmediatos sempre que a contía non supere a anualidade prevista no exercicio. As propias entidades de iniciativa social serán as que deban solicitar as subvencións no prazo dun mes, unha vez que a orde saía publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Estímase que a data de convocatoria será en quince días aproximadamente. Os diferentes colectivos terán de prazo ata o 30 de novembro para presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados.

O obxectivo do Goberno galego é mellorar a calidade de vida e a atención das persoas con discapacidade.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS ÁS OBRAS DE REPARACIÓN DOS DANOS OCACIONADOS NOS LEITOS FLUVIAIS POLO TEMPORAL NA MARIÑA LUGUESA

- *Medio Ambiente deu conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das actuacións que vai realizar en Cervo, Xove, Barreiros, Foz, Ribadeo, Burela, Viveiro, Lourenzá e Ortigueira*
- *O operativo traballará na apertura de leitos para evitar novas inundacións de forma inmediata en caso de novas choivas e na súa ampliación en puntos localizados*
- *Trasladaranse os sedimentos, pedras e lodos acumulados nos leitos a vertedoiros*
- *O proxecto abrangue traballos de limpeza, reconstrución de estruturas, reposición de redes de abastecemento ou pavimentados*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas deu conta hoxe ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das actuacións que hai que realizar para solucionar os danos ocasionados polos desbordamentos a causa do temporal de choivas dos días 9 e 10 de xuño na Mariña luguesa.

O Goberno galego, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), financia o citado proxecto cunha achega económica de máis de 1,5 millóns de euros. Cómpre sinalar que os traballos se iniciaron esta semana.

As actuacións recollidas na declaración tramítanse con carácter de emerxencia e céntranse na execución de obras de acondicionamento do leito dos ríos e regatos dos concellos de Cervo, Xove, Barreiros, Foz, Ribadeo, Burela, Viveiro, Lourenzá e Ortigueira.

Por unha parte, Augas de Galicia destinará un orzamento de 390.000 euros ás obras de reparación dos danos provocados polos desbordamentos dos ríos Gulián e Rigueira, en Xove; Valcarría, Feira ou Landro, en Viveiro; e Dola e Baleo, en Ortigueira.

Por outra parte, nos municipios de Foz, Burela e Cervo, a Xunta de Galicia operará nas proximidades dos díos Centiño e Masma (Foz), Pomeda, Vila e Perdouro (Burela) e Xunco, Covo, Senra ou Sargadelos (Cervo) por un importe de máis de 282.000 euros.

Nos concellos restantes, Ribadeo, Barreiros e Lourenzá, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega un total de 780.000 euros para arranxar as inmediacións das áreas próximas aos ríos Grande e Pequeno (Ribadeo), Barranca e San Estevo (Barreiros) e Baos (Lourenzá).

Acondicionamento

As actuacións levaranse a cabo nos concellos relacionados no apartado anterior, centrándose no acondicionamento do leito de ríos e regatos, roza ou movementos de terras para volver ao leito ao seu trazado orixinal. Están previstos o levantamento de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

pavimento para acceso a canalizacións e demais operacións construtivas que sexan necesarias.

En particular, este operativo traballará na apertura de leitos para evitar novas inundacións de forma inmediata en caso de novas choivas e na súa ampliación en puntos localizados. Ademais, trasladaranse os sedimentos, pedras e lodos acumulados nos leitos a vertedoiros.

O proxecto abrangue traballos de limpeza, dragaxe, reconstrución de estruturas de fábrica e demais tarefas necesarias para o arranxo das deterioracións que ocasionou o temporal nos camiños, edificacións, pontes e conducións de abastecemento dos nomeados municipios luguesas. Tamén se prevé o servizo de asistencia técnica á dirección de obra e en materia de seguridade e saúde na execución das actuacións.

Obxectivos

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a declaración de emerxencia deste proxecto, pretende salvagardar os intereses públicos protexidos, tanto en seguridade e saúde como económicos ou ambientais. A contratación da execución dos ditos traballos no só ofrece unha pronta solución a esta problemática, senón que impide que a situación se agrave nun futuro inmediato debido ao estado xa danado dos terreos e infraestruturas afectadas.

A XUNTA DESTINARÁ 360.000 EUROS A AXUDAS PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS EN VIVENDAS, ANEXOS E ENXOVAL POLAS INUNDACIÓNS NA MARIÑA E NORTE DA PROVINCIA DA CORUÑA

- *As axudas chegarán ao 100 por cento dos danos en vivendas que constitúan a residencia habitual e permanente*
- *No resto de vivendas, cubrirase ata o 40 por cento dos danos causados polas inundacións*
- *As axudas afectarán os elementos comúns en caso de comunidades de veciños e nas construcións e equipamentos anexos de apoio á economía e vida familiar*
- *O enxoval doméstico básico tamén queda incluído na Resolución de axudas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe unha achega de 360.000 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, destinada a axudas para a reparación dos danos causados en vivendas e anexos polas inundacións rexistradas na Mariña de Lugo e norte da provincia da Coruña, segundo establece a Resolución que proximamente se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e sobre a que hoxe foi informado o Consello da Xunta de Galicia.

A Resolución desenvolve o establecido, en materia de vivenda, no Decreto 96/2010, do 17 de xuño, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas na Mariña, aprobado polo Consello da Xunta o 17 de xuño de 2010.

Características das subvencións

As subvencións que inclúe a Resolución comprenden danos causados nas vivendas que son residencia habitual e permanente, noutras vivendas, en construción anexas e instalacións e no enxoval. Son as seguintes:

1.- Vivendas residencia habitual e permanente.

Subvencionaranse a reparación de danos que non cubran as axudas doutras administracións ou calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

O importe máximo da axuda pode alcanzar o 100 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danado. Ese importe nunca poderá ser superior ao 75 por cento do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

2.- Resto de vivendas

Igual que no caso anterior subvencionaranse a reparación de danos que non cubran as axudas doutras administracións ou calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O importe das axudas poderá ser de ata o 40 por cento do valor de reparación ou reposición. O importe da axuda non poderá ser superior ao 40 por cento do 75 por cento do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

As vivendas incluídas nesta axuda deberán destinarse como mínimo a residencia ocasional, quedando excluídas edificacións ruínosa ou en estado manifesto de abandono.

3.- Construcións anexas e instalacións

Os elementos comúns, nos casos de comunidades de propietarios e as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tamén poderán optar ás axudas, entendendo como tales pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc. sempre que estean localizados no mesmo predio da vivenda. Tamén se entenderá como construción ou instalación complementaria o cerramento preexistente do predio no que se atopa a vivenda.

Subvencionarase o 100 por cento do valor de reparación ou reposición no caso de estar asociadas á vivenda habitual e o 40 por cento no caso de vivendas ocasionais. O importe máximo da axuda non superará os 3.000 euros.

4.- Enxoval

Tamén será obxecto destas axudas o enxoval doméstico de primeira necesidade cando non estivese incluído nas axudas doutras administracións ou calquera outro sistema de cobertura de danos.

O importe da axuda será do 100 por cento no caso de vivendas habituais e 40 por cento en vivendas ocasionais. O límite máximo será de 6.000 euros.

O enxoval incluído nas axudas é o seguinte:

- Cociña: frigorífico, cociña, forno, lavadora, mesa e cadeiras
- Dormitorio: camas, somieres, colchóns, armario
- Salón: sillóns, cadeiras, mesa de comedor.

Estas axudas poderán solicitarse nos seguintes concellos:

- Provincia de Lugo: Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, Viveiro, O Vicedo e Xove.
- Provincia da Coruña: Cariño e Ortigueira

UNHAS 260.000 PERSOAS VISITARON O PAVILLÓN DE ESPAÑA DURANTE A CELEBRACIÓN DA SEMANA DE GALICIA NA EXPO UNIVERSAL DE SHANGHAI

- *A Consellería de Cultura e Turismo presentou ao Consello da Xunta os resultados da presenza institucional na Expo Universal de Shanghai 2010. Durante a celebración da Semana de Galicia, o Pavillón de España incrementou as súas visitas nunha media de 3.000 persoas respecto á semana anterior*
- *A Semana de Galicia serviu para a promoción da imaxe de Galicia como destino turístico cunha singularidade cultural única e contribuíu ao apoio promocional ás empresas galegas presentes no mercado chinés*
- *Un total de 15.000 espectadores presenciaron as actuacións musicais e de artes escénicas programadas pola Consellería de Cultura e Turismo na que, en números absolutos é a maior Exposición Universal celebrada nunca*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta acerca das actividades e resultados da Semana de Galicia na Exposición Universal Shanghai 2010. Do 17 ao 23 de maio, o Pavillón de España recibiu preto de 260.000 visitantes que puideron achegarse á oferta cultural, turística e empresarial da comunidade galega, a través do programa deseñado pola Xunta de Galicia cunha atención especial á conmemoración do Xacobeo 2010.

A presenza institucional en Shanghai, encabezada polo conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, logrou unha maior visibilidade obxectiva de Galicia en China, fomentando a nosa imaxe como destino turístico cunha singularidade cultural única, así como contribuír ás relacións comerciais e servir de apoio promocional ás empresas galegas presentes no mercado chinés. A través desta iniciativa, a Xunta de Galicia amosou o seu compromiso coa difusión nos grandes mercados mundiais da cultura e o turismo galegos, as súas industrias e os seus emprendedores.

A Semana de Galicia na Expo Universal de Shanghai responde a unha estratexia óptima que permite presentar a Galicia como rexión individual e localizala no mapamundi do mercado chinés. Con esta acción adquiriuse un estadio de interese pola nosa terra e comezouse un proceso de consolidación de imaxe nun país como China, que hoxe é xa a segunda potencia económica mundial. Nesta liña de actuación, realizouse unha presentación da oferta turística galega perante os principais *touroperadores* chineses e lanzouse a Guía de Santiago e Galicia, editada en chinés. Do mesmo xeito, deseñouse un programa que incluíu unha escolma do mellor da danza, da música e da gastronomía galega.

Todo o anterior estivo perfectamente complementado polas actividades de promoción económica realizadas polo IGAPE, que incluían un seminario de promoción económica: *Galicia. Porta a Europa e América Latina* e o emprego estratéxico desta guía, visual e didáctica, como agasallo institucional en todos os aspectos de promoción económica da Galicia en China durante os vindeiros anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Balance estatístico**

Durante a Semana de Galicia, o Pavillón de España incrementou as súas visitas nunha media de 3.000 persoas diarias respecto á semana anterior. Nestes sete días, na pantalla de *leds* de 14,5 metros cadrados instalada no exterior do pavillón proxectáronse unhas 300 veces os clips audiovisuais con temáticas referidas á celebración do Xacobeo, da Cidade da Cultura e de Galicia como destino turístico. En total, preto de 26.500 persoas visionaron estes clips cada día na cola de acceso ao pavillón, cunha estimación de 185.500 espectadores no total da semana. Adicionalmente, outras 300.000 persoas transitaron pola zona de visibilidade da pantalla neste período.

Os clips de Galicia foron proxectados, asemade, durante tres días da Semana de Galicia na pantalla do Auditorio do Pavillón de España. Nestes tres días pasaron polo auditorio arredor de 8.000 espectadores. Do mesmo xeito, desde o luns 17 ata o domingo 23 preto de 7.000 persoas pasaron por diante dunha vitrina instalada no vestíbulo do Pavillón de España na que se amosaban imaxes da artesanía galega, e fotografías de bens culturais e do patrimonio natural de Galicia. Os rótulos coa palabra "Galicia" presentes nos tres grandes cilindros da vitrina foron visibles durante esa semana para o total de 260.000 visitantes do Pavillón de España.

Actuacións galegas

A programación cultural da Xunta de Galicia ofreceu un total de 12 actuacións durante a Semana de Galicia en Shanghai, con exemplos senlleiros da nosa danza (Nova Galega de Danza) e da nosa música (Budiño e a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense). Preto de 15.000 espectadores en total puideron presenciar unha escolma das artes escénicas e musicais de Galicia. Cincuenta programadores de teatros e salas das provincias de Shanghai acudiron aos espectáculos de Budiño e Nova Galega de Danza.

A compañía galega de danza actuou en 6 ocasións durante a Semana de Galicia. No seu primeiro espectáculo no Auditorio do Pavillón de España congregou 50 espectadores nun pase reservado; o martes 18 na Praza de Europa, 600 persoas observaron a actuación e unhas 5.000 circularon pola Praza; o mércores 19 contabilizáronse 650 espectadores e 6.000 transeúntes na Praza; o xoves 20, no Auditorio do Pavillón ofreceuse un novo pase reservado ante 60 espectadores e, por último o sábado 22, Nova Galega de Danza congregou 430 espectadores no *Shanghai Dramatic Arts* e a outros 100 nun pase aberto no Auditorio.

O gaiteiro galego Xosé Manuel Budiño presentou o seu quinto disco en Shanghai cun primeiro concerto na Praza de Europa ante 700 persoas, e un segundo no Music Hall do Conservatorio de Música de Shanghai onde se completou a capacidade total do recinto (764 prazas) e houbo máis de 200 peticións que non se puideron atender.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense interpretou temas galegos e chineses en tres ocasións. Arredor de 6.500 persoas asistiron aos dous desfiles do luns 17 na Praza do Pavillón de España e outras 5.000 presenciaron dous concertos seguidos o martes 18.

Medios de comunicación

A presentación turística de Galicia realizada pola secretaria xeral de Turismo, Carmen Pardo, contou coa presenza de 40 axentes turísticos chineses. Así mesmo, a televisión chinesa (CCTV), cunha audiencia potencial de máis de 1.000 millóns de espectadores cubriu actuacións da Real Banda e a presentación do evento gastronómico *Spain in Shanghai: The New Gastronomy Fiesta*. A relación completa de medios acreditados para cubrir a acción promocional do *Almorzo cos chefs* foi entre os medios chineses e internacionais, *Smart Shnanghai, Enjoy Shanghai, City Weekend, That´s Shanghai, Modern Weekly Food Report, V-Life, CCTV en español, Shanghai Daily, Restaurant Review, Hotel Yummy, Vogue/The Bund e Bridge Magazine*; e entre os medios galegos e españois, *Axencia Efe, ABC, Atlántico Diario, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Cadena Cope, Radio Galega e Cadena Ser*.

Á marxe da prensa española e galega, xornais chineses como o *Labor Daily, Shanghai Evening Post, Global Times, Oriental Morning, Quiao Bao, Shanghai Daily ou Expo Daily* fixéronse eco da presenza dos artistas galegos no país asiático.